

## ACTA Nº 10/2012

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 09 DE AGOSTO DE 2012.**

#### **ORDE DO DÍA**

Único.- Moción da Asociación de veciños “O Cristo” sobre o proxecto da variante viaria de Moaña.

Asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 9 de agosto do 2012, sendo as 20:05 horas, reúnense os sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno extraordinario, anunciado para o día de hoxe.

#### **ÚNICO.- MOCIÓN DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “O CRISTO” SOBRE O PROXECTO DA VARIANTE VIARIA DE MOAÑA.**

O Sr. Alcalde sinala que o Pleno foi solicitado pola Asociación de Veciños de O Cristo e outras asociacións respecto do proxecto de circunvalación presentado no Concello o 20 de xullo e que se atopa en exposición pública. Quero dar as grazas aos veciños pola colaboración amosada respecto de este proxecto, a súa información, preocupándose de ter uns técnicos, que colaboraron compartindo información co Concello no traballo a pé. E o máis importante, por fin, decidimos dar marcha atrás ao proxecto, convocar unha Comisión

de Movilidade, cos Grupos Políticos, técnico da praza e asociación de veciños, e valorar a necesidade deste proxecto. Neste caso, os colectivos de veciños foron máis áxiles que a Administración. O Concello aínda non conta con toda a documentación. Solicitouse dende o Concello un mes máis de prazo de exposición pública, xa confirmado pola Concellería, prazo que aínda se pode ampliar. Dende este Goberno acordouse xa rexeitar o vial e buscar outras alternativas consensuadas que non supoñan cortar Moaña pola metade coma neste caso. Tomar unha decisión entre todos e, o importante é mellorar a calidade de vida dos veciños. Cedo a palabra ao propoñente da moción, a Asociación de veciños do Cristo. Hai máis veciños que solicitaron o uso na palabra neste Pleno que poderán intervir, seis solicitudes de palabra pedidas.

D. Esteban Paz Piñeiro, vicepresidente da asociación de veciños O Cristo, agradece a asistencia ao Pleno pola importancia do proxecto presentado pola Xunta. Afirma que dada a importancia do proxecto houbo mobilizacións, que xa obtiveron resultados, como foi o caso da ampliación do período de alegacións. Seguidamente o Sr. Piñeiro procede a dar lectura á moción presentada:

**“ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “O CRISTO”, REDONDO”**  
**entre outras**

DON Esteban Paz Piñeiro, con DNI. 78.734.323X, como vicepresidente da asociación de veciños O Cristo, propón á Corporación Municipal de Moaña, un pleno extraordinario, con carácter urgente.

Co fin de tratar, o tema da variante de Moaña e solicitar a ampliación do prazo para as alegacións dos veciños, ata o 27 de setembro do 2012 alomenos.

En representación dos veciños dos barrios afectados, consideramos que dita variante non é necesaria para Moaña, xa que existen alternativas moito máis prácticas e moito menos costosas, para darlle solución ó tráfico en Moaña, sen ter que arruinar as poucas zonas verdes que nos quedan, e os recursos tan ricos que temos nos nosos campos de cultivo, ademais dos trastornos que ocasiona dita obra a todos os veciños durante a súa execución.

O desdoblamento do corredor do Morrazo si que se debería facer canto antes, xa ue o perigo que conleva circular por el, fai que moitos conductors sigan indo pola PO-551, e colapsando, polo tanto, o centro de Moaña e Cangas.

Dende o noso punto de vista, nos parece unha obra demasiado costosa e prexudicial, que vai dividir Moaña en dous, tan so para que determinados vehículos aforren de tres a cinco minutos en chegar dunh punta de Moaña á outra, se realmente é que se aforra algo.

A decisión que queremos que adopten todos os partidos políticos é que poñan a súa postura en contra desta obra, e polo tanto, a favor dos veciños de Moaña, que son representados por vostedes.

En consideración de todo o exposto, se solicita da Corporación Municipal de Moaña adopte o seguinte acordo:

**ACORDO.-** Que se solicite da Xunta de Galicia a retirada do proxecto da variante de Moaña por non responder ás verdadeiras necesidades dos veciños e se substitúa por accións concretas de humanización e mellora da seguridade viaria nas estradas 313 e 551, así como o resto dos viarios municipais que vertebran as distintas parroquias afectadas, priorizando o desdoblamento do Corredor como solución última ao tráfico entre Rande e Cangas e Bueu...

En Moaña, a 6 de agosto de 2012.”

Engade o Sr. Piñeiro que este foi o escrito remitido ao Concello. Quixera, para a xente que non está moi enterada respecto do proxecto explicar un pouco o seu trazado. (O Sr. Piñeiro explica o trazado do proxecto, tramo a tramo axudado por diapositivas).

Dna. Ana Pastoriza Durán agradece tamén a presenza dos asistentes e afirma que para ela é un día especialmente memorable, agardo moitos máis. Sou veciña de Sabaceda. Quérome centrar particularmente na espranza de que no Morrazo e en Moaña hai un potencial enorme para dar resposta aos problemas dende o punto de vista social, económico, cultural... o que faría este vial sería destruílos. Hai xente que leva dez anos traballando, xente tamén traballando en temas de mobilidade. O futuro non pasa por construír máis estradas, é máis importante respectar os nosos ancestros, a nosa historia. Moaña naceu en San Martiño, hai moitos nacementos de auga, vales pluviais, recursos hídricos Estanse a facer proxectos por moitos profesionais, na xestión de montes, humanización de litoral, en recursos hídricos... entronque entre maiores e pequenos, en sectores como o turismo. Agardando que nos inxecten ilusión co que nos ven e cara ao futuro. A costa é importante, como é tamén o interior. É importante comezar, nos próximos meses, co equipo ao que pertenzo, a difundir toda esta información. Pódense xerar tamén moitos postos de traballo. Esta tarde escoitei unha frase dun músico de jazz, Christian Scott, que podo facer miña e que pode aplicarse ao caso: “A crítica nunca debe levarnos á parálise, debe incitar á acción.”

Dna. Consuelo Nogueira Ríos, Presidenta da Federación da Asociacións de veciños A Chamusca, afirma que a Federación, en sesión extraordinaria celebrada na última tarde, acordou os seguintes puntos:

En relación co Pleno Extraordinario que se celebra en Moaña no día de hoxe para tratar o proxecto de circunvalación proposto pola Xunta de Galicia, esta Federación acordou o seguinte:

1º.- Solicitar **“a retirada do actual proxecto e trazado, elaborando un novo estudio que, respectando as cotas do terreo actual, evitando aterrados e cortes, os impactos visuais, hidrográficos e ecolóxicos, sirva de vía de comunicación e vertebración do territorio e os veciños de Moaña”**.

Esta foi a alegación presentada pola Federación o 29 de agosto do 2008 ao proxecto de circunvalación presentado a información pública dentro do plano sectorial Vigo Integra. Catro anos despois, tamén en agosto e véspera de eleccións, se nos volve a presentar o proxecto sen modificación algunha, polo que a resposta é literalmente a mesma.

2º.- Que se trate como elemento diferente e diferenciado o acceso ao corredor dende a parroquia de Tirán e a Ameixoada. Dito acceso figuraba no proxecto inicial do corredor e por diversas circunstancias nunca chegou a executarse, sendo un viario reivindicado por os

veciños de ambas parroquias e que nada ten que ver co proxecto de circunvalación que se trata neste pleno.

3º.- Que, independentemente dos novos estudos e alternativas da circunvalación, se inste a Consellería a cumprir con compromisos de mellora da seguridade viaria en diversos tramos das estradas 313 e 551, recollidas nas respostas do Conselleiro a escritos desta Federación de datas 15-03-11 (resposta parlamentaria), 27-01-12 e 02-03-12 no que se citan **“dous proxectos de mellora de seguridade viaria que unha vez aprobados, priorizaranse en función das dispoñibilidades orzamentarias “ e”a dispoñibilidade a facilitar o paso de peóns, tanto na 313 como na 551, actuacións que implican ocupación de terreos que non son de dominio público polo que serán priorizadas unha vez contemos coa plena disposición dos terreos necesarios”**

4º.- A solicitude de ampliación, en calquera caso, do prazo de información pública e alegacións do Plan de Mobilidade viaria da península do Morrazo (DOGA 20-07-12) ata o 28 de setembro de 2012.

5º.- Que o Concello de Moaña habilite un punto de información atendido por técnicos cualificados, que poidan informar debidamente do detalle das obras propostas para poder elaborar as alegacións que se nos solicitan no trámite de información aberto. Como vostede ben sabe a Federación ten entre os seus obxectivos prioritarios a mellora da seguridade viaria no noso concello.

E, por último, que se incorpore a acta deste pleno o presente escrito e os seguintes que se xuntan:

- 1.- Resposta parlamentaria da Consellería de 16-03-2011.
- 2.- Escrito do Conselleiro a Federación de 27-01-12.
- 3.- Escrito do Conselleiro a Federación de 02-03-2012.
- 4.- Escrito da Federación ao Conselleiro de 09-08-12.
- 5.- Escrito da Federación ao Sr. Alcalde de 09-08-2012.

(Aplausos).

D. Manuel Parada Fervenza, representante da Asociación de Veciños de O Redondo-A Marrúa agradece a asistencia e a Alcalde e Concelleiros polo Pleno. Non estamos dispostos a que se faga isto. Que se vote isto abaixo. Hai moito tempo loitamos contra a Vía Rápida, quixeron meternos a Vía Rápida polo Redondo, votouse abaixo. Agora quérenos meter isto, córtanos polo medio, non sei de quen é a culpa. Dividen Moaña en dous. Non imos pode facer nada. ¿Qué políticos tivemos e temos que non miran iso?. Temos que gastar os cartos para dicir ao Concello o que ten que facer. ¿Para que é este proxecto?. Non serve para nada. Que arranxen as estradas que temos, que non podemos andar por elas, que as melloren e que gasten eses cartos niso, que nos arreglen Moaña de unha vez. Que non metan aos veciños en líos e guerras que é o que están a facer (aplausos).

D. Manuel Fernández Juncal sinala que é difícil falar deste asunto, logo de afirmado polo Alcalde ao principio da sesión, que comezou case polo final. Parece ser que os Grupos se puxeron de acordo para votar isto abaixo ou algo semellante. Estanse aportando información e vaise crear unha comisión de estudo. Hai que pensar en exemplos prácticos do que pasaría con esta estrada de collela. Un proxecto solo pensado para os coches, os únicos posibles beneficiarios serían os condutores de coche. Non imaxino a ninguén de Meira que veña cara

ao centro, colla a primeira rotonda no bar Chiquito, pare en varias rotondas, saia no monte do Carrachal, pase por detrás dos edificios de José Luís e chege aquí rotonda da Garda Civil. Non o imaxino, cando podería vir pola costa. Perde tempo. Se quere ir a Cangas, a circunvalación da xente de Meira agora é a Vía Rápida. Se non se utiliza é porque non se quere. Non pode ser que polo feito de que non se empregue unha variante haxa que facer outra. As zonas altas de Moaña xa pagaron un gran prezo no seu día ca Vía Rápida. Pódense facer alternativas estudables. Xente que agora vai a Vigo e aparca o coche en Broullón. En cinco minutos chégase ao centro. Sitios puntuais mellorables. A saída na Meixoadá, unha saída boa, pero en cambio a incorporación a estrada de Coiro é unha vergonza, habería que facer unha circunvalación para resolver o problema. Casos coma San Martiño, A Xalde. O Plan Xeral xa foi aprobado. A expansión urbanística na Xalde é case inexistente, mínima en San Martiño. San Martiño ten unha saída polo norte estupenda. En dez minutos ten unha saída. ¿Para qué queren agora unha estrada ao lado da casa, se teñen unha saída a cinco minutos?. Alguén de Cangas que queira vir a Moaña ten alternativas para vir. Prometeusenos ca Vía Rápida que non ía haber tráfico no centro de Moaña. Todos sabemos qué pasou. Se antes no Morrazo antes había mil coches, agora hai dous mil mínimo, a Vía Rápida absorveu parte. Incrementáronse os vehículos, as estradas atraen tráfico. Non se pode estar toda a vida facendo estradas. Hai estradas suficientes. Solo serían asumibles melloras puntuais. Como veciño que vai vivir á Xalde. Dician os políticos ao respecto, A Xalde ca Fraga figuraban como zonas rústicas, con todo o que implica, non solo a tipoloxía das casas, senón de estilo de vida, de relación co medio, hai riqueza acuífera... Isto se lo cargan. Toda a zona da Fraga. A Xalde non ten sentido sen San Martiño. A estrada nos divide. É unha zona para disfrute dos moañeses, zona por descubrir. Debemos conservalo como zona rústica, na liña e co espírito que mantiveron os Concelleiros cando aprobaron o Plan Xeral. (Aplausos).

D. Manuel Pastoriza Pena afirma que pouco lle queda que engadir ao dito. Sendo solidario con todos os afectados contra desta desfeita, voume centrar na parroquia de San Martiño, que coñezo en detalle e na que vivo. A estrada divide Moaña de este a oeste, non entendemos para qué pero case entendemos para quen. Os políticos de Moaña teñen a obriga de que Moaña non sexa a “pajota” de todo, defendela e non promovendo desfeitas. Volvendo ao tema de San Martiño, ademais de cortar o crecemento déixaa mortalmente ferida. Corta as mellores terras, regatos, afectando a viais actuais, empregados agora para facer deporte. De executarse acabaría cun dos pulmóns de Moaña incidindo negativamente na calidade de vida do pobo. Como galego que son, din que somos desconfiados, pero dende un tempo parece que hai teimados en desfacer o que nos deixaron os nosos ancestros. Con ese investimento, estudando os viais existentes, mellorándoos, enlazándoos entre sí, poderíase conseguir unha Moaña mellor e aínda habería cartos para facer un parking soterrado de facer falta. Pero non con isto para que veñan os “jodechinchos”. Para isto xa fixeron a Vía Rápida, que a melloren. Por último, isto aprobouse por maioría, é un pouco forte, pedimos a todos os veciños e veciñas das zonas afectadas que de saír isto adiante, os políticos que promoviron isto sexan declarados persoas non gratas nesta zona.

D. David Pereira, sinala que fala en nome dun colectivo que traballa na mobilidade do Morrazo. A mobilidade é un dereito de todos os cidadáns a desprazarse. Queremos agradecer ao Concello a creación desta comisión de mobilidade, que serva para bastantes cousas a analizar e propoñer solucións. Recalcar o efecto chamada que produciría esta nova vía de facerse, aumento do tráfico. Non son nos cruces, tamén en camiños polos que se pasea agora tranquilamente. Afectaría ao centro de Meira, á Porta do Sol... Problemas de tráfico que viría

dende abaixo dende a costa e dende arriba. Tamén na Guía. Tráfico que pasaría a Domaio, que se aforrou ca Vía Rápida. Volveríamos a traerlos a esas zonas, Guía, Porta do Sol, Domaio... Este é un proxecto, cunha vida moi curta, pensado solo no automóvil. Despreza outros xeitos de mobilidade, os peóns, ciclistas, destroza camiños, transporte público... O elevado custo que suporía, poderíase empregar noutras cousas, mellorando camiños por omde xa se move a xente, fomentando o transporte público, mellorando as liñas de autobús e barcos, promovendo o coche compartido. Isto fomenta a individualidade no uso do coche. Agardamos que a Comisión de Mobilidade que se constituía poida traballar tratando de acadar unha Moaña mellor.

O Sr. Millán, Voceiro do Grupo Municipal do BNG, afirma que vai ser breve. Convén aclarar a situación na que nos atopamos a día 8 de agosto. Que as persoas de boa vontade que asistiron preocupadas a este Pleno polas afeccións que poida supor este proxecto sobre ás súas vidas, terras, poidan voltar tranquilas á casa. O Alcalde dixo que ía devolver os papeis a Santiago. Púdollos devolver hoxe ao Conselleiro de Medio Ambiente que estivo inaugurando unha rampa en San Bartolomeu, que os levara nun paquete. Tranquilidade nun sentido, non estamos ante un proxecto, é un estudo informativo de mobilidade, non dunha obra. Papeis para ter titulares de prensa. Do que está aí debuxado, a curto prazo, medio, incluso a longo prazo, non se vai facer absolutamente nada. O único que a Consellería fixo e o Alcalde axudou foi sementar a alarma e a desconfianza entre os veciños, restando transparencia no proceso. O primeiro que hai que dicir é que se poden ir tranquilos. Nada do debuxado se vai facer por unha razón clara: non hai cartos para facelo. Quero lembrar que para o Consellerio de Medio Ambiente, hai solo dous anos e medio, a circunvalación de Moaña non era prioritaria, non había por qué facelo, que o que había que facer era o desdoblamento da Vía Rápida ata a Portela. Hai seis meses sóubose que non había nin empresa nin cartos para facer esa obra. Chegados a ese punto, sóubose que en tres meses hai unhas eleccións. Resulta que a Xunta, a través da Consellería de Medio Ambiente, non gastou no Morrazo nada, nin un euro. Solo os cincoenta e catro mil euros da rampa en San Bartolomeu inaugurados hoxe, e algo máis, os douscentos pivotes da Vía Rápida dos que xa non quedan máis que dous ou tres. Ese foi o investimento da Consellería de Medio Ambiente en Moaña. Como hai eleccións dentro de tres meses, ¿con qué convencemos aos veciños de que fixemos algo? Como obra non fixeron deciden facer papeis e mandar uns papeis resesos, coñecidos xa en boa parte, para algo que non se vai poder levar a cabo. Primeiro, porque o seu mandato rematan ou en novembro ou en xaneiro ou marzo, ao mellor siguen ao mellor non. Ademais nos orzamentos deste ano nin nos orzamentos do anos seguinte figuran os millóns necesarios para facer a obra, din que investimentos, os xustos. Dado que non se pode facer. Venden fume dicindo que se preocupan polos veciños e traen obras. Non vendan fume dando a entender que van facer as obras e os proxectos. Non se preocupen, a obra non se vai realizar. A pesar diso, hai unha seria responsabilidade en non coñecer a historia da mobilidade e da rede viaria do Morrazo e do que se leva feito. Traen cousas que xa foron desvotadas polos veciños. E o Sr. Alcalde chega e agradeza aos veciños por abri-lle os ollos e explicarlle cousas que el non vira. ¿Cómo pode o responsable político de Moaña vir a Pleno e dicir que o proxecto polo que se preocupan os veciños durante dez días agora diga que non o coñece ou que resulta que non lle gusta?. Algo de respecto por si mesmo, de ser así quedaría desacreditado como Alcalde, e respecto tamén pola nosa intelixencia. A Consellería sempre debería consultar co Alcalde qué eran eses papeis. O Alcalde tiña a obriga de sabelo. No 2008, xa se presentou unha parte do que aí está e o Pleno xa aprobou unhas alegacións, a

Chamusca reuniuse e presentou alegacións. Alegacións ás que non se deu resposta polo novo Goberno da Xunta. Tres anos despois ese Goberno presenta practicamente o mesmos papeis. Aquelas alegacións pedían que a conexión entre a Meixoadá e a PO-551 que non estaba contemplada, vale. Que o trazado entre a Porta do Sol e o Carrachal, así como o presentan, non. A Corporación non vai aceptar que se aterre toda a vagüada de Meira ou que se aterre a vagüada do río do Inferno, ou que se destrúa a zona do Carrachal á Porta do Cego. Que había que buscar outras variantes construtivas ou non saería adiante. Tamén se dixo que tan importante coma a variante é a mellora da PO-313, da PO-551, mellora da seguridade e mobilidade. Non se fixo nada. En catro anos. Agora volven aparecer os papeis. ¿De onde saíu a idea de levar dende San Chilán ata San Martiño o ramal para unir con Cangas?. De algunha maneira brillante dalgún técnico da Consellería apoiada polo Alcalde. Alcalde que estivo no Pleno do 2008 no que se votou que non se quería a circunvalación como estaba debuxado. Tamén sabe que a principios do 2010 a Directora Xeral de Infraestruturas chamounos a Santiago e ensinounos a segunda parte, dixo que a idea de eles era que a circunvalación debía levarse dende a PO-313 ata San Martiño. Dixémoslle que iso non irían a ningunha parte. Quedamos en falar. Deixei de ser Alcalde, pasaron dous anos e medio, cesaron á Directora e sigo a agardar a que nos devolvan a chamada. Daquela, Concelleiros e veciños coñeceron a proposta porque se publicou na prensa. Teño que dicilo para tranquilidade dos veciños das zonas afectadas. É un ramal innecesario. Sería resultado de unha mala comprensión do que é a circunvalación de Moaña, entendéndoa como unha segunda segunda vía rápida para chegar a Cangas. Así non pode ser. A circunvalación ten outro sentido. Xa nas Normas Subsidiarias do 84 presentaba outra finalidade. A circunvalación ten outro sentido, sen ter que afectar a terreos da Xalde ou do Outeiro do Cruceiro. Hai outras posibilidades que o PXOM contempla, de mellora da rede viaria. A circunvalación no tramo dende Meira ao Carrachal ten unha función interior para nós. Non para ir a Cangas. Vai unida ao desenvolvemento urbanístico. De non habelo, non é necesario. É un proxecto a moitos anos. O Concello é propietario xa por cesión de miles de metros cadrados onde vai ir unha parte importante da variante. Ten que dar saída, se algún día se constrúe, ao Plan de sectorización do Rosal Sur, a Xunqueira A-2, precisa unha saída. Estase a colapsar o tráfico en toda a zona do Rosal norte, tráfico que non ten que ir á Xalde. Temos que conseguir unha estrada que permita a articulación interna de Moaña. De hai crecemento poderá facerse ese vial. Se non o hai non é necesario. O capricho do vial de unión con Cangas é un capricho dos técnicos. Isto ten uns responsables. Hai que dicilo. Mantemos a mesma posición do 2008. Mellora da rede secundaria, da PO-313, da PO-551. E firmeza nas propostas, non promesas electorais. Respectando e adiantándonos ao que imos votar, creo que habería unha proposta máis contundente e máis seria: mandarlle todo o paquete do Plan de mobilidade viaria á Consellería de Medio Ambiente, ao Sr. Hernández. Se en febreiro ou marzo volve ser Conselleiro, que chame ao Concello, veciños, Grupos Políticos e técnicos para falar en serio sobre qué necesita a rede viaria de Moaña, cómo se pode atopar solucións e que nos diga onde están os cartos, que os poñan enriba da mesa. O resto é tomar o pelo á xente e o Alcalde colabora niso. Sobre a comisión, o BNG vai asistir ás comisións ás que se nos convoque pero que saiban, aos que crean que a comisión poida supor un avance para algo, que este Goberno Local leva xa constituídas dúas, as de sanidade e outra contra os desahucios. Logo de un ano tomándolles o pelo, os membros das comisións xa están cansados de que non servan para nada. É a maneira de levar os debates a outro sitio. Os que asistan acabarán cansándose do asunto. Vaian tranquilos. Non imos chamar a ningunha rebelión. Isto acabará en nada. É

responsabilidade de quen a aquí nos convocou e que no primeiro uso da palabra dixo non saber nada e que isto non serve para nada, que estamos todos contentos e que do dito, nada de nada. (Aplausos).

O Sr. Alcalde afirma que o Sr. Millán cambia como a auga e o viño. Pero hai unha cousa que todo o mundo coñece. Temos notas de prensa. Faro de Vigo, febreiro do 2010 e multitude de escritos. Millán, o único responsable desta herdanza que deixaches ao Concello de Moaña es ti. Di Millán na reunión que tivo ca Xunta de Galicia: “ Valoro positivamente o traballo feito, é unha boa base”. O de Pedroso para arriba ata Sabaceda foi idea túa. Agora resulta que quen fixo isto foi este Goberno. Ti e Valentín sodes os responsables. Isto acaba de chegar e ti es o responsable. A nota de prensa de febreiro de 2010 di: que o Sr. Millán e o Sr. Valentín Piñeiro trasládanse a Santiago e na reunión “amosouse satisfeito pola proposta presentada”. “Millán valora o feito de que se eliminasen posibles afeccións a vivendas.” Pero a cales? Seguen vivendas afectadas. “Millán explica que deuse unha solución bastante aceptable para o ramal de conexión entre a Meixoadá e as vivendas”. Vostede pode dicir o que quiera, Faro de Vigo publica o que di. Está publicado. Esta é a herdanza que vostede deixou como outras máis, que non se vai facer nunca, mentres esté gobernando eu aquí. En vez de mandalo a Santiago, como foi responsabilidade súa, voulla donar ao BNG, que quería romper Moaña á metade. Seriedade sobra, cando un é político debería recoñecer cando se equivoca, dicir a verdade, equivoqueime. Isto foi responsabilidade do Goberno anterior. Presentamos unha emenda á alegación. Voulle ler o terceiro punto da alegación. “A circunvalación de Moaña entre a Porta do Sol e a Porta do Cego supón unha división física, real das parroquias do Carme, San Martiño e de Meira no municipio de Moaña. Esta división acentúase coas importantes limitacións de accesibilidade vial. Ademais das consecuencias medioambientais da circunvalación de Moaña, é necesario esperar a que se estuden as posibles alegacións ao “Plan Vigo Íntegra” debido a que estes traballos requirirán a expropiación de bens e dereitos de moitos veciños afectados polo trazado. Precisamente un proxecto definitivo para facer unha evaluación concreta do Plan, e non unha foto-montaxe. A memoria do Plan Viario Integral Área de Vigo define esta circunvalación como unha autovía urbana. A solución baséase en facer grandes obras, por exemplo ao seu paso por Reibón, Pozo Negro, O Redondo, e o cruzamento co viario de Meira de Arriba, cos traballos a base de impactantes trincheiras e recheos que se estaban facendo en Rialdarcá ”. Alegación presentada o 17 de setembro do 2008. O que dixemos no 2008 mantémolo agora. Voulle regalar ao BNG a herdanza que deixou. Estivo oito anos de Alcalde maquinando por detrás dos veciños este proxecto. Nós, nada máis chegar, puxémolo en exposición pública e publicamos na prensa, en varias ocasións, para que os veciños souberan o que se pretendía facer en Moaña. ¿Onde estaban os veciños estes oito anos, sen saber o que se pretendía facer ata que chegou o PP?. Nós mantivemos sempre o mesmo criterio. Isto era unha verdadeira locura, sen que os veciñosoubesen nada. Aí están as notas de prensa. Isto foi un invento seu, Sr. Millán. Deben recoñecer que se equivocaron. A verdade é esa.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que logo das intervencións, é inevitable repetir argumentos e puntualizacións feitas tanto por representantes veciñais como polo Sr. Millán. Primeiro quero destacar que estamos a vivir unha época de extraordinarias penurias económicas que fan totalmente inviable a execución de unha obra destas características a curto ou medio prazo. Convén tamén destacar a denominación que se lle deu ao proxecto, ¿tan pouca entidade ten Moaña para facer un proxecto de variante sobre o noso Concello que haxe que facer un proxecto de variante metiendo no mesmo paquete a Cangas e a Moaña?.



Cando discutíamos sobre a Vía Rápida, estamos outra vez nese momento. Situemos a todo o mundo no seu sitio, uns gobernan e outros fan oposición, uns levans un tempo gobernando cuns investimentos no Morrazo e outros non, Pero que non se instale na cidadanía o falso debate de que se perde o investimento. Eses cartos nunca estiveron aquí. Mandaron uns papeis cun custo metro semellante ao da Vía Rápida, estou seguro. É o mesmo método construtivo, quito terra de aquí e a poño alí. Niso se resume este boceto, este estudo. Non podo deixar de falar da historia da variante. Naceu no ano 84. E todos os partidos políticos fúmola mantendo no planeamento, cun vial que puidera estruturar os núcleos para uso dos moañeses. Levouse ao Plan Xeral para implantar o desenvolvemento urbanístico. Íase facendo o desenvolvemento urbanístico e ancheando os viais, ca idea de que o desenvolvemento urbanístico pagase eses viais. Nesas estabamos cando a Xunra do Bipartito pediu a retirada dos plans parciais. A Xunta ocuparíase de facer a circunvalación. Ca construción da Vía Rapida todo cambia. Unha Vía Rápida inacabada, pouco operativa, máis alá de que reste algo de tráfico no 551. O peche do problema é a propia obra inacabada da Vía Rápida. Unha estrada que non é útil para desprazamentos no interior de Moaña. Apoiamos outras alternativas. Que a comisión ou o grupo de traballo valore e faga propostas. Que non se instale a idea de que se perden cartos. Estamos a favor das melloras nas PO, melloras no Corredor e entronque actual e unha calidade para a 551 que agora mesmo non ten.

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Urbanismo e Medio Ambiente, afirma que queda pouco que dicir. Millán fixo precampaña electoral. Estou de acordo con Ana. Hoxe é un día memorable porque se puido escoitar á xente. O que xa se debeu facer no seu momento, que non se compartiu o que se fixo cos veciños. Todo contemplado en notas de prensa, como di o Sr. Alcalde, nas que o Sr. Millán amosa a súa satisfacción co proxecto: “A novidade reside en que se contemplou a alegación do Concello moañés para que a conexión ca estrada PO-313 se empece máis ao norte en San Chilán e non como inicialmente estaba previsto, na Porta do Cego”. Noutro periódico, un día antes, dicía que a reunión era para intercambiar opinións co fin de retomar a obra e comezar a redacción do proxecto que xa se contemplaba nas Normas Subsidiarias de Moaña. É unha previsión de máis de vinte anos que nunca se contemplou de aí que se valore positivamente a iniciativa. “Millán contempla unha circunvalación que en algún punto teña unha extensión dende esta variante á de Cangas porque o diseño actual morre na Porta do Cego.” Isto é do 2010. hai que remitirse ao 2008. No 2008 presentouse o Plan Sectorial Vigo Íntegra para alegacións. Houbo alegacións do PP e BNG. A diferenza é que o BNG estaba en desacordo co ancho do vial, era de dezasete metros e pedían un ancho de vintecatros metros. O 15 de setembro do 2008, a Xunta de Goberno dicía que “Deberá redefinirse o ancho de vial para adecualo ao dunha estrada que alcanzará unha grande densidade de tráfico e será no futuro eixe estruturador do crecemento urbanístico e da mobilidade no noso Concello. Consideramos insuficiente o ancho de 7 metros que se propón, se temos en conta que a franxa reservada para a circunvalación nas Normas Subsidiaria de Planeamento vixentes atinxe os 24 metros.” E se engade: “A proposta definitiva debería avaliar as posibilidades de modificación do último tramo do trazado, entre o monte do Carrachal e a PO-313, con vistas a facilitar desenvolvementos futuros que permitan a conexión da circunvalación de Moaña coa de Cangas”. Din que lles tomamos o pelo. Foi o que fixeron vostedes dende o 2008. Desviando a cuestión. Hai veciños afectados. É unha fechoría das súas. Nos antecedentes do anteprojecto constan as datas dos pasos na circunvalación dende o 2008. Esta é a cronoloxía: En maio de 2008, a Consellería adxudica a

asistencia técnica para a redacción do proxecto de trazado e impacto ambiental, no 2009 redáctase o documento inicial, en xaneiro de 2010 a Consellería de Medio Ambiente completa a redacción do proxecto de trazado do desdoblamento do Corredor que inclúe a variante do Morrazo, o 20 de xullo deste ano faise a exposición pública do proxecto. Estes son os antecedentes do anteproxecto, está aí para que a lea todo o mundo.

O Sr. Alcalde afirma que van pasar á votación. Todo o mundo puido falar.

O Sr. Millán afirma que teñen dereito a réplica. Dereito a poder responder.

O Alcalde pregunta polos votos a favor.

Finalmente, a petición do Sr. Pastoriza, o Alcalde acorda un receso de tres minutos cos Voceiros dos Grupos.

Rematado o receso, o Alcalde sinala que intervirán brevemente o representante dos veciños en un minuto os Voceiros dos Grupos.

O Sr. Piñeiro, Concelleiro do BNG, pregunta ao Alcalde se o resto dos Concelleiros non teñen opción, dereito a intervir. Especialmente por ser aludido polo Sr. Alcalde.

D. Manuel Fernández Juncal sinala que dende a asociación de veciños queren expresar, máis aló do normal rifirafe político, ao Alcalde e Grupos o agradecemento pola súa atitude con eles, portáronse moi ben con nós. Reuníronse con nós varias veces, escoitáronos e amosaron receptividade polo que lles expuxemos. (Aplausos).

O Sr. Millán di que na súa exposición anterior deu no clavo. O Sr. Alcalde escoitou cousas que non quería oír. Ratifícoas todas. A responsabilidade do BNG na parte do proxecto que vai dende Sanchilán ao corredor é nula, no Plan Xeral non figura, a pesar de que o Alcalde e a Directora Xeral de Infraestruturas se empeñan en debuxalo no plano hai ano e medio, senón non aprobaban o PXOM. No outro tramo non agachamos a cara. Aprobado dende o 84 e publicado máis de unha dúcia de veces. Pódese mellorar o trazado pero o tramo de Meira no Carrachal é moi importante para o futuro de Moaña. Non escondemos a cara, dicimos o que pensamos e o mantemos, o resto é demagogia e falsidade.

O Sr. Pastoriza di que entende a preocupación dos veciños afectados. Tal vez dende a bancada política mirouse máis coma un panfleto electoral que como algo realizable a curto prazo, é un conto chino, según quen goberna. Todos fomos partícipes de que a variante se mantivera como parte do desenvolvemento urbanístico. O momento económico é malo. Variantes de Cangas e Moaña, repítese a historia. Agardemos non ter que pelexar outra vez pola peaxe de Rande.

A Sra. Varela di que con independencia das acusacións, non estamos para votarnos a culpa. Solo me defendín, como Voceira do PP, das acusacións do Sr. Millán. Aquí estamos para solucionar o problema. Dende o PP creemos que hai que revisalo.(Aplausos).

O Sr. Alcalde afirma que damos un gran paso para evitar que Moaña se rompa pola metade. Créase unha comisión de mobilidade. É unha decisión conxunta. Todos os Grupos debemos unirnos aos veciños. Isto que se aprobou no 84 é hoxe é o día de enterralo.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción da Asociación de veciños “O Cristo” e outros sobre o proxecto da variante viaria de Moaña, aprobándose, por unanimidade dos Concelleiros asistentes, co seguinte acordo:

**ACORDO.-** Que se solicite da Xunta de Galicia a retirada do proxecto da variante de Moaña por non responder ás verdadeiras necesidades dos veciños e se substitúa por accións concretas de humanización e mellora da seguridade viaria nas estradas 313 e 551, así como o

resto dos viarios municipais que vertebran as distintas parroquias afectadas, priorizando o desdoblamento do Corredor como solución última ao tráfico entre Rande e Cangas e Bueu...

O Sr. Alcalde acorda levantar a sesión do sendo as vinteunha horas e corenta e un minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE**  
**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**